

**PROGRAMA COOPERATIVISMO NOS CENTROS DE ENSINO
VISITAS: "COÑECE AS COOPERATIVAS"**

[En colaboración co Concello da Coruña]

DATAS REALIZACIÓN	Entre o 15 de setembro e o 31 de decembro de 2023	DURACIÓN	2 horas
HORARIO	A convir en función da dispoñibilidade dos centros participantes		
LUGAR CELEBRACIÓN:	Ruta para coñecer algunhas cooperativas en funcionamento da Cidade		
PERSONA DE CONTACTO	Patane García Méndez	teléfono	881 887 456 / 697 877 773
		e-mail	patane@espazo.coop

OBXECTIVOS

- 1) Achegar os modelos empresariais da economía social e nomeadamente o modelo cooperativo a comunidade educativa dos centros de ensino participantes.
- 2) Coñecer as condicións e pasos a dar e practicar as ferramentas para emprender baixo as fórmulas empresariais da economía social.
- 3) Contribuír á mellora das posibilidades de acceso ao mercado laboral das persoas participantes, a que coñezan ás cooperativas e as súas achegas sociais e económicas e a que valoren a posibilidade de emprender baixo a fórmula cooperativa.
- 4) Apoiar a visibilización do tecido cooperativo presente na cidade dando a posibilidade de establecer un diálogo coas cooperativistas.

PROGRAMA E CONTIDOS

CICLO DE VISITAS A COOPERATIVAS: "COÑECE ÁS COOPERATIVAS" | Quendas: 2

Coñecendo o cooperativismo a través da experiencia cooperativas reais. Boas prácticas e oportunidades de emprendemento. Coñecer os servizos e equipamentos de apoio ao emprendemento que teñen ao seu dispor na cidade da Coruña.

Cun formato de visita guiada, o punto de encontro será o Centro Accede Papagaio, onde recibiremos ao alumnado e persoas docentes participantes e presentaremos o ecosistema de emprendemento da cidade da Coruña, do que Espazocoop fai parte. Coñeceremos a unha cooperativa establecida no Centro. Seguidamente visitaremos as instalacións doutras dúas cooperativas.

O persoal de Espazocoop dinamizará a visita, achegando información sobre as opcións de emprendemento cooperativo que se lle abren o alumnado: As cooperativas xuvenís. O Certame de cooperativismo no ensino. As cooperativas visitadas presentan a súa empresa, os seus produtos e contan ás persoas participantes cales son as súas orixes, por que optaron pola fórmula cooperativa, como foi a súa traxectoria, se atoparon trabas e atrancos, que tipo de apoios tiveron... dinamizarase un diálogo entre as participantes.

METODOLOXÍA

Activa e participativa. Presentaranse as diferentes experiencias a visitar e establecerase un diálogo entre as persoas participantes. Achegarase información sobre os recursos e apoios para o emprendemento en cooperativa existentes e as características e especificidades da fórmula.

DIRIXIDO A

Esta actividade diríxese ás comunidades educativas dos centros de ensino secundario e Formación Profesional da Coruña e a súa área de influencia.

